

FICHA PROXECTO INTERCAMBIO INTERXENERACIONAL

Galiciawalks promotor de cambios

Aprender facendo

**COÑECENDO A NOSA COMUNIDADE FORTALECEMOS A NOSA
IDENTIDADE**

**Galiciawalks
C/ Cuba 4
Baiona- 36300
684 071 229/986 358 196**

LINEA ESTRATÉGICA	INTERCAMBIO INTERXENERACIONAL
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a interrelación entre nenas, nenos e maiores institucionalizados e propiciar novas posibilidades educativas, preventivas e terapéuticas mediante métodos flexibles e creativos. • Fomentar o desenvolvemento persoal, socio-familar e cultural dos participantes co fin de promover a súa autonomía e maior benestar social, consolidando o seu papel como membros activos da sociedade. • Aproximar os membros de ambas xeracións para que, convivan nun entorno duns e outros e compartan actividades que lles axuden a coñecerse e polo tanto superar estereotipos.
ACCIÓN	Aprendendo Xuntos – Proxecto de intercambio interxeneracional
DESCRIPCIÓN	<p>Incrementar a participación social e o desenrolo comunitario a través dun programa e accións interxeneracionais dirixidas os residentes, familiares e comunidade educativa para favorecer a súa propia promoción e as posibilidades de participar tanto na mobilización de recursos comunitarios como nas estratexias para estimular a súa implicación.</p> <p>Este proxecto xurde tras detectar a necesidade de avanzar na participación social das persoas maiores que viven en Residencias ou acoden a centros de día. É un gran reto que con frecuencia queda nunha mera declaración de intención o ser un camiño repleto de dificultades.</p> <p>O programa interxeneracional a implantar divídese a vez en dous proxectos concretos, por un lado encontramos o “proxecto de intercambio cultural” e por outro lado, o “proxecto de bilingüismo”. O primeiro brinda a posibilidade de intercambiar experiencias, anécdotas e coñecementos entre maiores e nenos. O segundo ofrece coñecer un idioma diferente, compartir e fomentar a aprendizaxe doutra lingua.</p>
DESTINATARIOS	O programa Aprendendo Xuntos vai dirixido os maiores pertencentes a centros, nenas, nenos e familiares de ambos concellos Tomiño e Vilanova de Cerveira, tendo sempre presentes as necesidades e características dos residentes a hora de realizar as sesións de traballo. Realizándose sesións de traballo no centro de ensinanza e outras nas residencia de anciáns ou centro de día.
ÁREAS E ENTIDADES IMPLICADAS	<ul style="list-style-type: none"> • Promotor Galiciawalks • Impulsores Vilanova de Cerveira Creche e Jardim da Santa Casa Da Misericordia de Vila Nova de Cerveira • Lar Idosos Santa Casa Da Misericordia de Vila Nova de Cerveira • Escola Infantil Mi primer paso de Tomiño
ACTIVIDADES	<p>Deseñárase cada sesión atendendo a os obxectivos marcados e habilidades a traballar con cada participante. Incorporaranse coñecementos e métodos de diversas disciplinas para realizar un programa de intervención global, con toda a información completa e detallada das características dos maiores e dos máis pequenos, fixados que aspectos se deben traballar con cada colectivo a nivel global e individual.</p> <p>Fixaranse actividades por unha duración de 120 minutos, adaptándose os horarios dos centros, tanto nas súas rutinas diarios de horarios de</p>

	comidas, aseo e descanso, como outro tipo de actividades que de desenvolvan. Exemplos de actividades a realizar:
METODOLOXÍA	<p>ATENCIÓN INTEGRAL, traballando:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A creatividade e a imaxinación. • A psicomotricidade. • As capacidades sensorias • Aspectos expresivos e emocionais. • A afectividade. • A coeducación <p>¿CÓMO?</p> <p>Traballando dende a igualdade de condicións e de oportunidades para todas as persoas participantes</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dando máis valor o proceso en si mesmo do que o produto final sen perder de vista os obxectivos. • Considerando a todo o grupo como protagonista da intervención, pero atendendo as necesidades individuais. • Utilizando o xogo como ferramenta fundamental. • Facilitando a aprendizaxe mutua entre todas as persoas. • Desenvolvendo unha metodoloxía de traballo vangardista.
RECURSOS	<p>HUMÁNS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coordinador do proxecto • Educadores • Animador Sociocultural <p>MATERIAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pc • Impresora • Material de oficina <p>ECONÓMICO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto sostido coa financiación do premio orzamento participativo transfronterizo
AVALIACIÓN	<p>Todas as actividades que realizamos teñen un sistema de avaliación, deste xeito somos conscientes de se a actividade saíu ben, se tivemos problemas, incidencias, o que debemos mellorar, entre outras cousas. A avaliación lévase a cabo mediante:</p> <p>A OBSERVACIÓN</p> <p>A través da observación obtemos moita información sobre a conduta ou comportamento que de forma espontánea manifesta un grupo. Observaremos tanto a dinámica de grupo, como a cada persoa de forma particular. É importante observar aspectos conductuais e tamén aspectos verbais.</p> <p>QUÉ AVALIAREMOS</p> <p>Actividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A duración: é suficiente, quedouse curta, adáptase ás capacidades do grupo, etc. • Os materiais: cantidade, calidade, etc. • Espazo: é adecuado, adáptase, facilitávos o traballo, etc. • Desenvolvemento: resulta unha actividade cun nivel de

dificultade alto,

- Cómo se sentiron os/as nenos/as.
- Asistencia.

Autoavaliación do equipo de humán:

- como nos sentimos? por que?
- en que destacamos? por que?
- que dificultades tivemos? por que?
- A organización do traballo en equipo: puntos fortes e puntos a mellorar.